

Os Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística cumprimos 20 anos.

20 anos **animando** a vida dos centros con exposicións, revistas, concertos...

axudando o noso alumnado con obradoiros de escritura, clubs de lectura, concursos...

20 anos **organizando** intercambios, actividades extraescolares, celebracións populares...

ensinando a traballar en equipo, a manexar as novas tecnoloxías, a investigar...

20 anos **poñendo en valor** a cultura, a lingua, as persoas...

20 anos **dinamizando , innovando, educando**...

20 anos que non serían posibles sen vós, as **familias**, por iso vos queremos dicir....

GRAZAS

Grazas por aplaudir nas obras de teatro, por escoitar os programas de radio escolar, por animar nos concursos...

Grazas por gravar en vídeo as actuacións, por facer de extras nas curtametraxes, por participar nas actividades...

Grazas por ensaiar as actuacións na casa, por confeccionar traxes, por confiarnos o que máis queredes...

E, moi especialmente, grazas por construír con nós un presente e un futuro para a nosa lingua.